

AS FUNCIÓNS “NON TRADICIONAIS” DO PARLAMENTO DE GALICIA

Xosé A. Sarmiento Méndez*

Universidade de Vigo

I. Introducción

O artigo 10 do Estatuto de Autonomía para Galicia contén, ó carón das funcións parlamentarias tradicionais, algunhas outras que non son susceptibles dunha fácil clasificación dentro das coñecidas classicamente como funcións lexislativa, presupostaria e de control. O dato común caracterizador destas competencias parlamentarias é o da súa heteroxeneidade, xa que as fontes nas que se atopan reguladas son moi diversas (non só no citado artigo estatutario), e ademais o seu contido afecta a moi diferentes ámbitos xurídico-constitucionais.

Un primeiro grupo presenta en común a súa instrumentalidade para a provisión de órganos autonómicos ou estatais. Estas designacións feitas pola Cámara encubren segundo Santaolalla (1) auténticos actos de dirección política, posto que cando o Parlamento se pronuncia sobre a elección de certos cargos está tamén a posicionarse sobre os criterios políticos que certas persoas deban levar a cabo dentro dos órganos estatutarios ou estatais para os que son designados.

Nesta orde de cousas deriva da reserva estatutaria a designación dos senadores autonómicos e tamén a elección do Valedor do Pobo e dos membros

* Letrado do Parlamento
Profesor de Dereito Constitucional

(1) Así no seu manual: *Dereito Parlamentario español*. Espasa Universidade. Madrid. 1990. Páx. 390.

do Consello de Contas de Galicia. Complementan estas designacións as previstas legalmente e que afectan ós Consellos Universitarios, ós Consellos de Administración dos medios de comunicación social e outros de carácter cultural (Consello de Bibliotecas) e de carácter xudicial (proposta da terna para proveer maxistrados da Sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia).

As designacións que vimos de citar teñen en común a súa orixe plenaria, posto que, salvo os casos concretos do Consello de Bibliotecas e do Consello Universitario de Galicia, son eleccións acordadas polo Pleno da Cámara. No suposto da proposta para a cobertura dos membros non xudiciais da Xunta Electoral de Galicia o procedemento atopa máis matizacións pola ausencia de regulación no Estatuto parlamentario e a centralización na Mesa da Cámara do mesmo (2).

Outras funcións non tradicionais poden ser cualificadas coma "xurisdiccionais", pola relación que establecen entre a Cámara autonómica e o poder xudicial. Nada teñen que ver estas funcións cas tradicionalmente denominadas como funcións xudiciais dos parlamentos, das que só queda certa reminiscencia nas actuais decisións da Comisión do Estatuto dos Deputados (3).

Por outra banda como consecuencia do Estado Autonómico, o Parlamento de Galicia está lexitimado polo artigo 10.1.g) do Estatuto de Autonomía para interpoñer recurso de inconstitucionalidade e presentarse perante o Tribunal Constitucional nos supostos e nos termos previstos na Lei orgánica do Tribunal Constitucional. Esta lexitimación para a defensa da constitucionalidade do ordenamento xurídico autonómico pon de actualidade a xa reiterada proposta doutrinal de creación dun tribunal de garantías

(2) Bótase en falta a existencia dunha resolución intraparlamentaria sobre o procedemento de designación dos membros da Xunta Electoral de Galicia (disciplinada exclusivamente polo artigo 14 da Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia), como así ocorre no caso da Xunta Electoral Central que ve explicitado este procedemento a través dunha resolución da Presidencia do Congreso dos Deputados do 13 de setembro de 1995. BOCG, serie E, núm. 139 do 19 de setembro de 1995.

(3) Neste sentido poden documentarse os antecedentes desta función no *Tratado de Dereito Político* de Nicolas Pérez Serrano nas súas páx. 876 e seguintes.

estatutarias a nivel autonómico. Obviamente faríase precisa a modificación da Constitución e do Estatuto de Autonomía e sería necesaria unha reformulación das competencias que na actualidade lle son atribuídas o Tribunal Constitucional para posibilitar así a desexable descarga na súa relación de asuntos pendentes.

II. Os senadores autonómicos

Excede os propósitos que me ocupan a descripción dos problemas que o papel do Senado ten creado no marco autonómico que fixou a Constitución Española de 1978 (4). Baste reseñar que o modelo autonómico nesta materia preséntase como un “*tertium genus*” entre os modelos posibles existentes nos estados federais e nos de corte centralizada. Deste xeito a meirande parte dos membros da Cámara Alta se designan directamente polos cidadáns a través das circunscricións electorais habituais (as provincias) e só unha minoría responden á elección dos órganos políticos autonómicos (en concreto os parlamentos das Comunidades Autónomas).

A práctica política subseguinte ó asentamento do Estado Autonómico ven demandando unha acentuación do carácter territorial da Cámara Alta, este aspecto tratou de abordarse, con escaso éxito ó meu xuício, ó través da reforma do Regulamento do Senado que atende á potenciación da súa función territorial ca creación da Comisión xeral da Comunidades Autónomas no Senado (5).

A solución constitucional prevista no artigo 69.5 recibe a súa matización estatutaria ó preverse no artigo 10.1.c) que a designación dos senadores autonómicos se fará para cada lexislatura das Cortes Xerais (que

(4) De consulta necesaria resulta a monografía de Piedad García-Escudero Márquez: *Os senadores designados polas Comunidades autónomas*. Cortes Xerais. Centro de Estudos Constitucionais. Madrid. 1995.

(5) Respecto ás funcións “ad intra” e “ad extra” que o Senado desenvolve a través desta Comisión pode consultarse o traballo de Rosa Ripollés, “A participación do Goberno e dos Consellos de Goberno das Comunidades Autónomas no funcionamento da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado”. Publicado en *Corts. Anuario de Dereito Parlamentario*, núm. 1, 1995, páxs. 11 a 29.

neste caso haberá que interpretar como a lexislatura da Cámara Alta) e de forma proporcional as forzas políticas existentes no Parlamento de Galicia. Esta expresión suscita varias dúbidas, a primeira delas é a da referencia de proporcionalidade que debe tomarse, posto que a expresión “forzas políticas” non é equiparable á expresión “grupos parlamentarios” cos problemas que isto pode plantexar no suposto no grupo parlamentario mixto. Por outra banda ó citarse as forzas políticas “existentes” no Parlamento suscítase a dúbida de determinar que momento é o máis conveniente para tomar como referente para a distribución dos senadores entre as forzas políticas galegas.

As disposicións regulamentarias que disciplinan o procedemento na Cámara merecen unha análise polo miúdo. En primeiro lugar establécese que o designación se fará polo Pleno da Cámara en “reunión específica”. Ademais dos condicionamentos constitucionais parece claro que se trata de solemnizarlo proceso de designación atribuíndo á totalidade da Cámara esta función, e ademais establecendo a necesidade dunha convocatoria monográfica a tal efecto.

Os senadores autonómicos “representarán á Comunidade”, expresión ésta que pon no primeiro plano a problemática do sufraxio indirecto, xa que non son os cidadáns galegos os que elixen directamente ós senadores que representan á Comunidade Autónoma de Galicia, senon que son os parlamentarios autonómicos os encargados desta designación. Por outra banda a relación representativa semella quedar incompleta ó non preverse, senon a posibilidade da revocación, unha eventual *dación de contas* da xestión dos citados senadores ante o órgano mandante.

O Estatuto parlamentario galego lembra na súa regulación o marco establecido no artigo 10.1c) do Estatuto de Autonomía para Galicia, cecais para recalca-la vinculación dos senadores autonómicos á duración da lexislatura das Cortes Xerais, por ser esta só unha das opcións lexislativas posibles dentro do abano existente no dereito comparado autonómico.

Un paso relevante no procedemento de designación desenvólvese pola Mesa do Parlamento, que de acordo coa Xunta de Portavoces fixará o número de senadores que lle corresponden proporcionalmente a cada Grupo

Parlamentario. A xurisprudencia do Tribunal Constitucional (6) ten matizado os límites desta participación da Mesa e os condicionamentos que debe respetar consonte ó previsto no artigo 23 da Constitución Española.

Resulta chamativo que sexa o presidente do Parlamento o que ten atribuídas as facultades de fixa-lo prazo no que os representantes dos diferentes grupos parlamentarios deban propoñe-lo seus candidatos, pero aínda é moito máis criticable que o procedemento regulamentario limite a reunión do Pleno da Cámara a unha mera ratificación do proposto polos grupos. Isto implicará normalmente a ausencia de debate previo á designación dos senadores autonómicos, aspecto que os tratadistas clásicos do dereito parlamentario (W.G. Hamilton) tiñan criticado reiteradamente cando das designacións de persoas se trata (7).

No suposto de producirse unha substitución parcial dalgún dos senadores designados polo Parlamento o sustituto será proposto polo mesmo Grupo Parlamentario que o propuxese. Este sistema provoca unha vinculación aínda máis forte entre o senador e o Grupo Parlamentario do que provén a proposta, e relaxa a súa vinculación respecto da Cámara autonómica como institución da que provén o seu mandato. Ademáis dos problemas citados, a total dependencia do mandato dos senadores autonómicos dos grupos parlamentarios polos que son elixidos ven de provocar que con motivo de cada proceso electoral os partidos políticos utilizen estes escanos para reubicar a algúns dos seus membros, na total confianza da renuncia “voluntaria” dos seus titulares, no seu caso (8).

(6) Especialmente en Sentencias como a 40/1981 do 16 de decembro (sobre a esixencia de condición política e a axeitada representación proporcional), a 76/1989 do 27 de abril (sobre a constitucionalidade da vinculación do mandato á lexislatura da Asamblea autonómica e a utilización do método D'Hondt en caso de empate) e a 4/1992 do 13 de xaneiro (sobre a atribución á Mesa da Asamblea lexislativa da facultade de fixa-lo número de senadores). Nunha liña semellante e suliñando o papel estrela do artigo 23.2 CE no recurso de amparo se pronuncia José Luis Cascajo Castro no seu traballo: “Os dereitos invocables no recurso de amparo” incluído na obra *O constitucionalismo na crise do Estado social*. García Herrera (dir.). Universidade do País Vasco. 1997. Páx. 61.

(7) Así pode consultarse no seu tratado *Lóxica Parlamentaria*, na edición anotada por Eloy García e publicada polo Congreso dos Deputados na serie de textos parlamentarios clásicos: “negún argumento é o suficientemente forte, e ningunha impresión o bastante delicada, cando se trata de reflexionar sobre as persoas”. Páx. 391.

(8) Estes e outros problemas no funcionamento dos partidos veñen de ser estudados por Belarmino Esparza Martínez no seu traballo: “Estructura e funcionamento democrático dos

III. Valedor do Pobo

Unha parte da doutrina (Isidre Molas) non ten dúbidas en incluír ó Valedor do Pobo entre os "órganos auxiliares" que colaboran no control do Goberno (9). Nesta liña o artigo 14 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece unha reserva legal para a disciplina desta institución autonómica. Nembargantes con anterioridade á aprobación da Lei 6/84 do Valedor do Pobo o Regulamento do Parlamento de Galicia precisou algúns aspectos no tocantes á elección do mesmo.

En primeiro lugar fixou a extracción plenaria deste comisionado autonómico, se ben condicionada ó procedemento que no seu día fixase a Lei autonómica prevista no Estatuto. Esta interposición regulamentaria prantexa a dúbida de si o Regulamento puidera ter substituído á Lei para establecer os requisitos procedimentais de designación do Valedor. Sen embargo a resposta parece clara xa que a redacción pechada do Estatuto esixe unha Lei formal nesta materia, e polo tanto o Regulamento do Parlamento de Galicia non era o texto xurídico axeitado para tal finalidade.

A Lei reguladora do Valedor do Pobo perfilou nididamente varias facetas da designación parlamentaria deste órgano. En primeiro término delimitou a duración do seu mandato a un período de cinco anos, o que provoca necesariamente unha duración temporal distinta á da lexislatura do Parlamento autonómico, que posibilita a súa desvinculación respecto a unha composición política concreta da Cámara.

A proposta da candidatura farase pola Comisión de Peticións, sendo suficiente a estes efectos ca maioría simple dos membros da mesma, o que no seu momento provocou certos problemas con motivo da designación do primeiro Valedor do Pobo por parte da Cámara galega (10).

partidos políticos españoles". *Revista das Cortes Xerais*. nº 43. Primeiro cuatrimestre de 1998.

(9) Así no seu libro *Dereito Constitucional*. Madrid. Ed. Tecnos. 1998. Páx. 153.

(10) Debe lembrarse que o artigo 48.1 do Regulamento do Parlamento dispón que a Comisión de Peticións estará formada pola Mesa do Parlamento e un deputado de cada grupo parlamentario e adoptará as súas decisións polo sistema do voto ponderado. Estas previsións fixeron entender a algúns que a lei do Valedor derogaba para o caso concreto a utilización

Una vez proposto o candidato ou candidatos o Pleno da Cámara procede á elección a través dunha votación favorable das 3/5 partes dos membros do Parlamento. Esta maioría reforzada obriga ós acordos entre as distintas forzas parlamentarias pero tamén dificulta en ocasións á designación deste alto comisionado autonómico (como pode comprobarse polo longo período de tempo transcorrido entre a aprobación da lei autonómica en 1984 e a efectiva designación do órgano en 1990). Resulta igualmente criticable o prazo límite de 15 días para a convocatoria plenaria que provoca un procedemento expeditivo para a resolución das candidaturas feitas pola Comisión de Peticións.

No entendemento da necesidade de que esta alta maxistratura sexa cuberta a Lei dispón que se ningún candidato acada a maioría cualificada deberase proceder pola Comisión de Peticións no prazo máximo dun mes á formulación de “sucesivas propostas” seguidas das correspondentes votacións ata a obtención da maioría sinalada. Este procedemento que lembra o da moción de investidura ten dúas diferencias importantes con aquel, posto que o prazo de negociación se restrinxe a un mes, e non se varía o quorum reforzado de adopción de acordos das sucesivas votacións, que se mantén nos 3/5 do Pleno da Cámara.

O nomeamento do Valedor será “acreditado” polo Presidente do Parlamento e publicado no Diario Oficial de Galicia. Entendo que a expresión legal non pode obviar dúas matizacións: quen certifica os acordos do Pleno da Cámara é o secretario da mesma e non o presidente, e tamén resulta obvio que a elección do Valedor deberá publicarse previamente no Boletín Oficial do Parlamento, posto que esta publicación recolle tódolos acordos plenarios. A toma de posesión do Valedor faise ante o órgano colexiado de goberno da Cámara dentro do prazo de quince días despois do seu nomeamento. Aínda que a lei non o precisa haberá que entender que o xuramento ou promesa do fiel cumprimento das súas funcións deberá facerse tamén ante a Mesa do Parlamento.

do voto ponderado e introducía un sistema de voto persoal. Este criterio foi desbotado pola Mesa da Cámara que diferenciou entre maioría necesaria e medio de formación da vontade do órgano colexiado.

As relacións entre a Cámara e o Valedor do Pobo levanse a cabo a través da Comisión de Peticións, se ben resulta certamente críptica a expresión legal de que a comisión parlamentaria "informará ó Pleno" en cantas ocasións sexa necesario. No plano estrictamente formal as relacións da institución co Parlamento instrumentáanse ó mais alto nivel a través do presidente da Cámara.

A Mesa do Parlamento considerou oportuno complementa-lo réxime establecido nos artigos 4, 36 e 37 da Lei 6/1981, polo que aprobou unhas Normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo. Nestas Normas do 28 de maio de 1991 establécese a participación dos tres órganos parlamentarios (Mesa, Comisión de Peticións e Pleno) na tramitación do informe anual do Valedor do Pobo. O seu contido céntrase na ordenación do debate en comisión e ante o Pleno, posto que non existía unha regulación específica deste trámite. Ademais, a norma reguladora delimita a substanciación dos informes extraordinarios que o Valedor poida presentar cando se produzan feitos ou se constaten actuacións en materia de tutela de dereitos individuais ou colectivos dos galegos ou derivados da supervisión da actividade da Administración pública da Comunidade Autónoma que, pola súa gravidade ou urxencia deba coñecer de xeito inmediato a Cámara.

IV. Consello de Contas

O artigo 53 do Estatuto de autonomía para Galicia dispón no seu apartado 2º a creación do Consello de Contas de Galicia, establecendo que unha lei autonómica regulará a súa organización e funcionamento. A redacción do texto estatutario é claramente limitativa, pois parte do estricto respecto ó disposto no artigo 136 e 153, apartado d) da Constitución. Non se trata de que a institución galega poidera configurarse en contra dos límites constitucionais, senón de que a expresión estatutaria redunde innecesariamente, ó meu xuízo, nos límites que xa son coñecidos pola textualidade dos artigos concordantes da Constitución (11).

(11) A participación do Lexislativo na designación dos membros do órgano de control da actividade económica se ten considerado por parte da doutrina coma un signo de

O artigo 12.1 da Lei do Consello de Contas establece que a designación polo Parlamento farase a través dunha maioría de tres quintos e por unha duración de seis anos. Esta previsión xenérica ten provocado problemas interpretativos no suposto de ter que cubrirse vacantes de xeito parcial. Deste xeito, na renovación correspondente ó ano 1997 suscitouse a problemática acerca da cobertura das vacantes que procedía renovar, xa que a proximidade das eleccións autonómicas do ano 1998 fixo abona-la idea da conveniencia de retrasa-la renovación parcial correspondente. Entendo que de xeito similar ó que sucede no caso dos senadores autonómicos, os prazos de renovación están legalmente fixados e non deben de condicionarse ós avatares políticos da Cámara, polo que non é de recibo a modificación do procedemento e prazos fixados na lei autonómica.

O procedemento para a designación dos membros do Consello de Contas non viña totalmente clarificado na Lei creadora desta institución, polo que a Mesa do Parlamento aprobou un acordo de 5 de maio 1987 sobre os criterios para ordena-la elección dos mesmos. Distínguense tres fases neste procedemento: a primeira delas é a presentación de candidaturas, que obviamente deberá de propor un número de persoas axeitado ás prazas que deban de cubrirse; o segundo é a votación que conforme ó establecido no artigo 91 do Regulamento do Parlamento deberá facerse por papeletas por se tratar de eleccións de persoas; e, por último, o escrutinio e elección farase pola Mesa da Cámara que proclamará elixidos a aqueles que obteñan o maior número de votos sempre e cando supoñan os tres quintos dos membros da Cámara (na actualidade 45 votos).

V. Os Consellos Universitarios

O reparto competencial en materia universitaria dispón a aplicación dos principios xerais contidos na lexislación do Estado paralelamente ó recoñecemento da competencia exclusiva das comunidades autónomas (no noso caso Comunidade Autónoma de Galicia) no tocantes ás súas

fortalecemento da Cámara, sobre todo en contextos políticos nos que o papel do Parlamento se atopa en crise. Así o sinalan Paulo Bonavides e Paes de Andrade na súa *Historia Constitucional do Brasil*. Ed. Paz e terra. 3ª ed. Páx.499.

universidades. Isto é así pola incidencia que neste sector da educación ten, por un lado autonomía constitucionalmente recoñecida ás universidades no artigo 27.10 e, por outro, a competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.18 CE.

En desenvolvemento do marco citado a Lei do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia de 27 de maio 1987 establece no seu artigo 6.1 a) que unha parte dos integrantes do Consello Social designaranse polo Parlamento de Galicia.

A primeira precisión que debe facerse ó rexime disposto na lei autonómica é a que deriva da existencia na actualidade de tres universidades, cadansúa cun respectivo Consello Social, ó que lle serán de aplicación as previsións contidas na lei citada respecto ó que naquel momento era Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Os membros representantes dos intereses sociais designados polo Parlamento serán seis, a proposta dos grupos parlamentarios e por maioría dos tres quintos dos deputados que forman a Cámara. Esta previsión legal veu a ser complementada por un acordo da Mesa do Parlamento do 9 de xuño de 1987, sobre os criterios de ordenación da elección dos citados membros.

Distínguense tres fases neste procedemento electivo, en primeiro lugar a presentación de candidaturas, na que cada grupo parlamentario pode propor un máximo de seis candidatos, que deberán reuni-las condicións de idoneidade previstas no apartado 2 do artigo 6 da lei (básicamente non ser membros da comunidade universitaria). Os restantes requisitos de presentación son os xerais en calquera procedemento electivo que tentan de garantir a seguridade xurídica na votación e designación dos candidatos.

O Acordo dispón a elaboración dunha lista única pechada na que figuren por orde alfabética os nomes dos candidatos e dos grupos parlamentarios que os propuxeron. Desta lista dase traslado ós portavoces parlamentarios como mínimo seis horas antes da celebración da votación. Esta celebrarase conforme ó establecido polo artigo 91 do Regulamento por papeletas, sendo chamados nominalmente á Mesa os deputados para depositaren a papeleta na urna correspondente.

Finalmente, a Mesa conforme ó xa previsto pola Lei 5/1987, proclamará elixidos ós candidatos que obteñan o maior número de votos sempre que este equivalga ós tres quintos dos membros da Cámara. Dispónse que, no suposto de existir vacantes trala primeira votación, aqueles que non acadaran os corenta e cinco votos necesarios deben someterse a unha nova elección dentro da mesma sesión.

No tocantes ó Consello Universitario de Galicia, o artigo 12 da Lei citada dispuxo que cinco membros do mesmo serán designados pola Comisión parlamentaria de educación e cultura, tendo en conta a distribución territorial dos centros universitarios en Galicia. Dous aspectos merecen ser subliñados nesta previsión legal.

En primeiro lugar resulta criticable que os membros do Consello Universitario sexan designados por unha comisión namentras que os vocais dos consellos sociais o son polo pleno da Cámara; igualmente resulta chamativo que, por non dispoñerse nada ó respecto, a maioría necesaria para a designación dos membros do Consello Universitario sexa a maioría simple, moito máis accesible que a dos tres quintos establecida para os consellos sociais. As importantes funcións que ten encomendadas o Consello Universitario fan inexplicable estas diferencias procedimentais na elección dos seus membros respecto ós dos consellos sociais.

Por último, a necesidade de ter en conta a distribución territorial dos centros universitarios en Galicia debe interpretarse, ó meu xuízo, no sentido de considera-la ubicación en tódolos campus da Comunidade Autónoma, e non só a distribución territorial da sede das tres universidades actualmente existentes.

VI. Os consellos asesores de Radio Televisión

A normativa legal nesta materia vén constituída pola Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Cía. de Radio Televisión de Galicia. O artigo 4 desta lei dispón que o Consello de Administración deste órgano componse de doce membros, elixidos para cada lexislatura polo Parlamento de Galicia, mediante a maioría de dous tercios, entre persoas de acreditado prestixio profesional.

Estas liñas maestras na designación vense complementadas por un acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do 22 de novembro de 1984, e da Deputación Permanente do 22 de xaneiro de 1985. As fases previas de presentación de candidaturas regúlanse por este acordo atendendo ós requisitos xerais de publicidade e necesaria aceptación da candidatura por parte das persoas propostas polos distintos grupos parlamentarios. A singularidade máis subliñable é a previsión dun debate no que cada grupo parlamentario pode intervir para defende-la súa candidatura polo tempo máximo de cinco minutos, como pode observarse esta é unha variante procedimental de enorme interese e que non está prevista noutras designacións parlamentarias de órganos semellantes. No tocantes á votación, escrutinio e elección rixen as normas xerais, se ben se establece expresamente que se consideran nulas as papeletas nas que figuren marcados máis de doce nomes e en branco aquelas nas que non figure ningún nome sinalado.

A valoración positiva da introducción do debate no procedemento electivo mereceu unha corta duración, xa que no acordo adoptado pola Deputación Permanente dous meses despois da aprobación das normas se suprime a existencia de debate previo á votación e proclamación dos membros do Consello de Administración.

Tamén participa a Cámara galega na designación dos trece membros do Consello Asesor de Radio Televisión Española en Galicia, segundo establece a Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de Radio Televisión Española en Galicia. Estas persoas serán designadas pola Cámara tendo en conta a representación de tódolos grupos parlamentarios, e nomearanse "pola Xunta para a lexislatura correspondente".

A designación farase en proporción ó numero de deputados de cada grupo parlamentario, o que é perfectamente coherente co principio do pluralismo político que debe informar os medios de comunicación públicos. A fórmula matemática utilizada para garanti-la proporcionalidade é distinta á comunmente contida nas leis (fórmula D'hondt) xa que dispón a atribución conforme á relación de cocientes e ó computo de restos de acordo co sistema de maior media sobre o total dos membros do Parlamento.

VII. O Consello de Bibliotecas

A Comisión 4ª do Parlamento de Galicia, competente en materia de educación e cultura, debe designar catro membros do Consello de Bibliotecas previsto no artigo 6 da Lei 14/1989, do 11 de outubro, de Bibliotecas. Esta norma, só dispón o requisito de que os candidatos deban ser persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural.

En ausencia de norma interpretativa que desenvolva a previsión legal citada, entendo que a maioría necesaria para a elección será a maioría simple que é a norma de funcionamento xeral nas cámaras parlamentarias segundo ten afirmado reiteradamente o Tribunal Constitucional.

VIII. Funcións xurisdiccionais

O Estatuto de Autonomía para Galicia prevé no seu artigo 10.1 g) a función parlamentaria de interpoñer recursos de inconstitucionalidade e presentarse perante o Tribunal Constitucional nos supostos previstos na Carta Magna e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional (12). En coherencia con estas previsións do bloque de constitucionalidade, o título XIII do Regulamento do Parlamento de Galicia desenvolve os trámites a seguir nos recursos de inconstitucionalidade conflitos de competencia nos que participe o Parlamento.

Tres son os requisitos fundamentais que o Estatuto parlamentario dispón ó respecto: a necesidade de acordo plenario do Parlamento, a convocatoria específica con esta orde do día, e a adopción por maioría absoluta da Cámara. Estes requisitos agravados non parecen razoables posto que outras funcións do Parlamento que poden influír na lexislación estatal, como a presentación de proposicións ante o Congreso dos Deputados, só requiren dunha maioría simple e non necesitan dunha convocatoria específica da Cámara. O Tribunal Constitucional suliñou na súa sentenza do 15 de marzo de 1985 a relevancia do cumprimento dos requisitos de formación da vontade

(12) Así, se contempla nos artigos 162.1.a) da Constitución e nos artigos 31-34 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

do órgano, de tal xeito que no caso de defectos no procedemento “ o recurso non será admisible”, en coherencia co disposto no artigo 32.2 da LOTC.

Como vén de subliñar López Guerra, existen nos países de estrutura territorial complexa distintas vías a través das que o Tribunal Constitucional pode levar a cabo a tarefa de resolve-los conflitos entre as diversas unidades territoriais. No caso español, nos atopamos con un procedemento singular de resolución de conflitos distintos do xenérico de control abstracto da constitucionalidade das leis (13).

Nesta orde de cousas, e conforme ó previsto no artigo 161.1.a) a Comunidade Autónoma de Galicia está lexitimada a través do seu Parlamento para a interposición do recurso de inconstitucionalidade dun xeito que o Tribunal Constitucional (14) ten ampliado notablemente, ó posibilitar a impugnación de leis que só nunha interpretación moi ampla afectan á Comunidade Autónoma.

O Parlamento pode tamén comparecer nos conflitos de competencia previstos no artigo 161.1.c) da Constitución, establecéndose ó respecto que a Cámara deberá designa-lo deputado ou deputados que a representen. Realmente a sinatura deste conflito é meramente formal posto que a defensa técnico-xurídica da Cámara e do ámbito competencial autonómico levarase a cabo polos Servicios Xurídicos da mesma, acadando pois a sinatura do conflito un valor meramente político ou testimonial.

O Parlamento, por último, pode determinar que sexa a Xunta de Galicia a que compareza nos conflitos de competencias antes citados, neste suposto a Cámara deberá especificar con claridade os preceptos da disposición, ou os puntos da Resolución ou do acto viciado de incompetencia, así como as disposicións legais e constitucionais das que resulte o vicio. Este procedemento previsto no artigo 164.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia resulta desproporcionado e pouco áxil cando a Cámara pode acadar-los mesmos efectos a través do mecanismo máis flexible dunha proposición non de lei ou dunha moción na que se inste ó Executivo á súa personación no conflito de constitucionalidade de que se trate.

(13) Cfr. Luis López Guerra: *As sentencias básicas do Tribunal Constitucional*. Centro de Estudios Políticos e Constitucionais, Madrid 1998. Páx. 24.

(14) En sentencias tan nidias como a 199/1987, a 56/1990 ou a 28/1991.